



CONCELLO DE ZAS

# BNG e PP acordan adicarlle a praza de Baio a Jorge Mira

*A proposta farase oficial na próxima sesión plenaria*

31/01/2021 – A nova praza de Baio pronto pasará a chamarse oficialmente “**Praza Jorge Mira Pérez**” despois do acordo ao que chegaron os dous grupos que forman a Corporación Municipal do Concello de Zas, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular. A proposta farase oficial na próxima sesión plenaria.

Segundo indican Óscar Lema, portavoz do BNG; e David Gómez, portavoz do PP; a elección do nome está motivado polas cualidades humanas e polo exitoso currículo de Jorge Mira que, ademais de ser veciño de Baio, sempre presume da súa vila do seu concello nos múltiples actos institucionais nos que participa.

Jorge Mira (Baio, 1968) é catedrático en electromagnetismo na Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén é investigador, divulgador científico, membro da Real Academia Galega e ten unha gran infinidade de destacados premios.